




Relatorio Organizativo

**Asamblea Xeral Movemento
Sumar Galicia.**

23 de novembro de 2024



**Movemento
Sumar
Galicia**

RELATORIO ORGANIZATIVO

MOVIMIENTO SUMAR GALICIA

INTRODUCCIÓN	3
Quen somos, onde estamos e onde queremos ir	4
O nome e a organización	4
Relación con Movemento Sumar	4
Obxectivos e principios ideolóxico-políticos	4
Ámbito de actuación e da sede social	5
A organización como ferramenta	6
Funcionamento democrático na toma de decisións	6
As persoas de Movemento Sumar Galicia	7
Afiladas ou membros	7
Obrigas das persoas afiliadas	7
Dereitos da afiliación	8
Baixa de afiliación	8
Altas colectivas	9
Persoas voluntarias	9
Inscritos ou simpatizantes	9
Réxime disciplinario, sancións e garantías	10
Organización Nacional	10
Asamblea Xeral	10
Competencias da AX	11
Convocatoria de Asamblea Xeral Ordinaria	11
Convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria	11
Constitución da Asamblea Xeral	12
A Coordinadora Nacional	12
Elección dos membros da Coordinadora Nacional	12
Funcionamento da Coordinadora Nacional	12
Funcións da CN	13
Composición da Coordinadora Nacional	13
Presidencia de Sumar Galicia	13
Executiva Nacional	14
Composición	14
Competencias da Executiva Nacional	14
Secretaría xeral	15

Secretarías nacionais.....	15
Secretaría de Organización	16
Secretaría de Finanzas.....	16
Secretaría de Comunicación	16
Secretaría de Mobilización	16
Grupos Sectoriais.....	16
Organización Territorial	18
Asemblea Comarcal.....	18
Convocatoria.....	18
Competencias.....	19
Coordinadora Comarcal	19
Asembleas Locais.....	20
Responsabilidade de Coordinación Territorial.	20
Cargos públicos.....	20
As Finanzas	21
Carta financeira.....	22
Comunicación interna e externa, cohesión, formación	22
Comunicación interna: informar sen saturar; formar para cohesionar	23
Formación ideolóxica, política, organizativa – maior fortaleza interna e unidade	23
Comunicación externa	24
O municipalismo, pedra de clave	25

INTRODUCCIÓN

O Movemento Sumar Galicia constitúese co obxectivo de transformar o xeito de funcionar das organizacións políticas.

Por unha banda, búscase a construción dunha organización con bases sólidas, con vinculacións claras entre a afiliación (militancia ou membros, de maneira indistinta); que teña implantación territorial e traballe dende as bases ata as representantes institucionais e orgánicas, do xeito máis democrático e horizontal; que sexa quen de manter un discurso e proxecto coherentes en todo o País, en tódolos municipios e en tódolos seus actos; que sexa quen de actuar con unidade cando a situación o requira tendo en conta a realidade de cada territorio.

Por outro lado, é imprescindible que sexa permeable ás demandas da sociedade; que sexa quen de relacionarse con outras organizacións en igualdade e sen imposicións; que posúa mecanismos de debate e participación democráticos e en tódolos niveis; que sexa quen de achegar o esforzo dunha parte da sociedade que só se implica puntualmente; que sexa flexible e incardinada de xeito humilde e colaborativo na vida diaria de todo o País.

O Movemento Sumar Galicia defínese polos principios do laboralismo, ecoloxismo, galeguismo, feminismo e igualdade. É o concepto propio das ideas progresistas do século XXI na súa propia esencia.

Somos a forza que reivindica a unión das organizacións políticas e sociais do noso país que buscan e loitan por unha sociedade mais igualitaria e sen discriminación pola orixe das persoas, afastada das correntes actuais onde “o berce” no que naces define o teu futuro.

Neste senso e coa finalidade de loitar contra os movementos de odio e ruído, o Movemento Sumar Galicia organízase como a forza que pode levar a cabo as iniciativas precisas para axustar riqueza, traballo e dignidade dentro da mesma sociedade, sendo quen de facer fincapé nas problemáticas reais e afrontarlas. Traballar para que a sociedade sexa escoitada e xustamente tratada, sen ter medo ós avances pero sen esquecer de onde vimos e sobre todo, cara onde nos diriximos.

Quen somos, onde estamos e onde queremos ir

O nome e a organización

O Movemento Sumar Galicia nace coa vontade de representar á cidadanía de Galicia da mellor maneira, e sempre dende a participación e a colaboración.

Movemento, porque non só queremos acceder aos distintos niveis de goberno para ser vangarda na mellora da vida, senón porque queremos facelo co impulso da maioría social e contando coa sociedade en todo momento.

Sumar, porque temos a vontade de representar ao conxunto da sociedade, tanto ás persoas individuais, como tamén a multitude de organizacións sectoriais e políticas que forman un tecido social vivo, disruptivo e combativo. E queremos, ademáis, facelo de maneira colaborativa, baseándonos no respecto, non na imposición.

Galicia, porque nos comprometemos co País e con representalo, pero dende unha óptica confederal e colaborativa, cun carácter internacionalista, tanto co resto do Estado como con Europa.

Queremos ser, daquela, unha organización fondamente democrática, respectuosa coa diferenza. Baseada no debate e na negociación. Unha organización aberta, plural, comprometida. Unha organización por e para a xente, pero tamén coa xente.

Relación con Movimiento Sumar

O MOVIMIENTO constitúese como unha organización autónoma federada con Movimiento Sumar, organización coa que comparte principios ideolóxicos, programáticos e orgánicos. Vincúlase con Movimiento Sumar ao abeiro do disposto no “Protocolo de relación entre Movemento Sumar Galicia e Movimiento Sumar”.

Movemento Sumar Galicia é, pois, unha organización dotada de órganos de dirección, finanzas e personalidade xurídica propios e diferenciados, e ostentando a plena representación no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

A relación entre ambas organizacións debe basearse, en todo caso, no respecto, na colaboración e no acordo.

Obxectivos e principios ideolóxico-políticos

O MOVIMIENTO ten como obxectivo loitar por unha Galicia máis xusta e social, que traballe a prol da igualdade e da diversidade, que sexa respectuosa co medio natural, na que se defenda a clase traballadora en tódolos ámbitos administrativos e políticos.

Para conseguilo traballárase na sociedade, en tódolos aspectos que se considere, facendo especial fincapé no labor sindical, asociativo, nos movementos feminista e LGTBIQA+ e na mocidade. É un principio fundamental da nosa organización procurar a maior transparencia na toma de decisións e a participación democrática no día a día.

Impulsarase a creación dun grupo de mocidade dentro do Movemento, co obxectivo de abrírnos ás xeracións máis novas do país.

Así mesmo, procurarase crear grupos de traballo de estudantado nas universidades e centros educativos, contando se fose posible coa colaboración de docentes membros do Movemento.

Existirán tamén grupos sectoriais nos que a afiliación poderá aportar o seu saber e experiencia para realizar propostas de cara a mellorar as nosas iniciativas.

O ideario propio do MOVEMENTO é o que se recolle no Relatorio Político aprobado en cada Asamblea Xeral.

Os principios éticos do MOVEMENTO serán os establecidos no Código Ético, que será aprobado na asemblea constituínte e revisado se fose preciso en cada Asemblea Xeral subseguinte.

Ámbito de actuación e da sede social

Sumar Galicia constitúese en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A sede social do MOVEMENTO estará emprazada na cidade de Santiago de Compostela. A Coordinadora Nacional terá potestade para mudar o enderezo dentro do término municipal.

A organización como ferramenta

Como indicabamos antes, queremos ser unha organización aberta, plural, comprometida. Unha organización por e para a xente, pero tamén coa xente. Movemento Sumar Galicia nace coa firme vontade de construír unha ponte entre a sociedade e as administracións, abrindo as institucións á sociedade, que sirva para facer chegar as demandas e necesidades de diferentes colectivos e entidades aos seus representantes.

Queremos ser unha ferramenta de colaboración e de mellora social. Unha organización aberta ao cambio.

Cremos na política como unha maneira de gañar dereitos e oportunidades para todas, con equidade, indistintamente da orixe, xénero, poder adquisitivo ou calquera outro condicionante.

Cremos nunha organización que sexa quen de renovarse e evolucionar, incorporando a crítica construtiva para mellorar e adaptándose ás novas realidades políticas para tecer un movemento de unión e non de enfrontamento. Unha organización con liderazgos compartidos e democráticos, lonxe do absolutismo que se asocia co exercicio do poder interno.

Funcionamento democrático na toma de decisións

O funcionamento interno do MOVIMENTO rexerase polo presente relatorio, que poderá ser desenvolto a un formato de regulamento co obxecto de dotalo de claridade, e pola lexislación vixente, en aplicación dos principios e valores do noso Código Ético, en particular no referido á adopción democrática das decisións.

Todas as decisións serán tomadas de xeito democrático e respectando a pluralidade de opinións e con vontade de lograr amplos consensos. Resultará aplicable a maioría simple, excepto cando os presentes estatutos establezan outros sistemas.

O voto é indelegable e será sempre presencial, agás para as votacións telemáticas e aqueles procesos nos que os presentes estatutos autoricen o voto electrónico ou anticipado.

A Cordinadora Nacional elaborará un regulamento que desenvolva a utilización do voto electrónico, no cal estará reflectido alomenos: casos de convocatoria, métodos de convocatoria e prazos. A convocatoria de calquera consulta telemática deberá ser aprobada e organizada pola Executiva Nacional.

As persoas de Movemento Sumar Galicia

Formamos unha organización na que poidan integrarse comodamente todas as persoas que se sintan representadas polos nosos principios e valores: o progresismo, a conciencia de clase, a defensa dos servizos públicos e universais, a igualdade e respecto entre os pobos do estado e do mundo, a diversidade e a igualdade entre toda a cidadanía. E que rexeiten e se afasten do odio, a discriminación e valores arcaicos e totalitarios.

Existen tres xeitos principais de participar do Movemento Sumar Galicia: como afiliado ou membro, que tamén pode identificarse como militante; inscritas ou simpatizantes; e persoas voluntarias.

Afiliadas ou membros

Pódese afiliar e, en consecuencia, ser membro do Movemento Sumar Galicia calquera persona cunha idade igual ou superior aos 16 anos, que acepte os estatutos e o programa do MOVEMENTO, así como o Código Ético, que participe regular e activamente da vida organizativa e política, e contribúa coas cotizacións que se sinalen.

O ingreso no MOVEMENTO é individual, sendo a Executiva Nacional quen procederá a dar o visto e prace a alta na súa respectiva localidade.

Cada persoa estará adscrito á súa localidade e comarca habituais de residencia, na que participará. Poderá solicitar o traslado da súa inscrición a outra localidade mediante comunicación escrita dirixida á Secretaría de Organización.

A afiliación do MOVEMENTO debe realizar o seu labor político no seu lugar de traballo ou estudo e na súa contorna, levando a cabo os acordos e liña política definida polo conxunto da organización.

Obrigas e deberes das persoas afiliadas

Son obrigas das persoas afiliadas ao MOVEMENTO, as seguintes:

- Respectar as canles orgánicas, para construír a organización en base á lealdade e ao diálogo, e aos principios democráticos que nos representan.
- Espallar a propaganda da Organización, para facilitar a incorporación de novas persoas ao Movemento, facilitar que se coñezan as nosas iniciativas e achegarmosnos máis á sociedade civil.
- Cumprir de maneira responsable coas tarefas asumidas de maneira voluntaria e aquelas emanadas das responsabilidades asumidas internamente.
- Cotizar coa cota que se marque, como xeito de garantir a suficiencia económica da organización.

- Defender e promocionar o idioma e a cultura galegas que son un patrimonio nacional e inmaterial do que nos orgullecemos, e o deber de usalo no exercicio de responsabilidades orgánicas ou de representación
- Posibilitar a execución dos acordos tomados no MOVEMENTO e nas organizacións das que formamos parte, garantindo así o cumprimento dos valores democráticos propios do noso movemento.
- Cumprir e acatar os estatutos do MOVEMENTO, acordados polo conxunto da afiliación.
- Cumprir os acordos da dirección a respecto da participación en colectivos, organizacións e movementos de masas apoiados pola nosa organización.
- Respetar a privacidade e confidencialidade daquelas deliberacións ou informacións internas delicadas.

Dereitos da afiliación

Son dereitos da afiliación do Movemento Sumar Galicia:

- Contribuír a definir a orientación política do MOVEMENTO, participando en tódolos debates que se dean no seo da Organización.
- Elixir e ser eleita ou eleito para os cargos e órganos de dirección da Organización.
- Posicionarse, en privado e dentro das canles orgánicas, sobre o traballo ou decisións políticas de calquera membro ou órgano do MOVEMENTO, sempre con espírito constructivo e lealdade coa organización e as persoas que a compoñen.
- Recibir axuda en caso de problemas derivados da súa pertenza ao MOVEMENTO.
- Recibir formación, información e documentación da Organización.
- Ser escoitada ou escoitado polo órgano pertinente en proceso disciplinar aberto contra a súa persoa.
- Empregar os medios materiais dos que dispón a Organización para o traballo político e organizativo.
- Participar plenamente en todas as estruturas e organismos do MOVEMENTO, nas condicións establecidas nos relatorios da Asamblea Xeral.
- Participar nas actividades desenvolvidas polo MOVEMENTO e polas organizacións coas que compartamos proxectos.
- Calquera outro derivado da súa militancia naquelas organizacións, federacións, coalicións, etc, das que o MOVEMENTO forme parte.

Baixa de afiliación

A afiliada ou o afiliado causará baixa por calquera dos seguintes motivos:

- Por petición propia, presentada por escrito perante a Secretaría de Organización.
- Deixar de cotizar durante tres meses, e previa notificación por escrito indicando un prazo de 30 días para poñerse ao día. Eso non será aplicable de mediar imposibilidade manifesta para facer fronte ao pagamento ou algunha causa de forza maior.

Tampouco será de aplicación se este feito fora atribuíble a erros da organización ou da entidade bancaria.

- Perda das condicións requiridas nos presentes Estatutos.
- Por expulsión validamente acordada nos órganos competentes.
- Por falecemento da persoa.

Altas colectivas

Outra organización que cumpra os requisitos legais para actuar como partido político poderá solicitar a súa integración no Movemento Sumar Galicia.

Neste caso será o Coordinadora Nacional a que aceptará ou denegará, con causa xustificada, o seu ingreso.

En caso de ser aceptado o ingreso, a organización solicitante procederá á súa disolución e as partes redactarán e acordarán un documento polo que se rexerá o traspaso de todo o seu activo e pasivo, así como de todos os seus ficheiros e fondos documentais, ao Movemento.

Persoas voluntarias

As persoas voluntarias son persoas que expresan a súa dispoñibilidade a colaborar co MOVEMENTO na súa acción política nun momento puntual (unha campaña, acto, etc).

Será tarefa dos/das responsables da acción política puntual determinar o alcance da colaboración, así como de valorar a súa inclusión no censo de simpatizantes.

Inscritos ou simpatizantes

Os/as simpatizantes ou inscritas son persoas próximas ao ideario e acción política do MOVEMENTO que aínda non están dispostas a asumir o compromiso da militancia. É labor da Secretaría de Organización manter un censo de simpatizantes.

O MOVEMENTO recoñecelles o dereito a participar nas asembleas locais e comarcais con voz pero sen voto.

Poderán participar activamente na vida organizativa e recibir información e formación. Así mesmo, obríganse a respectar o Código Ético e os valores da organización. Poderán modificar a súa situación e dar o paso de afiliarse en calquera momento.

Igual que as afiliadas, teñen a obriga de non divulgar as deliberacións e acordos das xuntanzas e asembleas nas que participen.

Réxime disciplinario, sancións e garantías

O MOVEMENTO dótese dun Código Ético que recolle os criterios disciplinarios e sancionadores da nosa organización, e establece o funcionamento do Comité de Garantías. Este código ético apróbase nun relatorio aparte, mais forma parte integral das normas internas das que nos dotamos.

O Comité de Garantías estará formado por 5 titulares e 3 suplentes, escollidos pola Asamblea Xeral a proposta da dirección saínte.

Organización Nacional

Como en toda organización política, Movemento Sumar Galicia dótese duns órganos rectores para dirixir a organización, facer cumprir os estatutos e regulamentos da mesma, marcar a acción política e cun claro obxectivo de facela crecer, e coa fin principal de achegar a voz da sociedade a tódalas instancias políticas.

Funcionarán baseándose nos principios democráticos e assemblearios dos que nos dotamos, procurando o maior consenso no seu traballo.

A Organización do MOVEMENTO adopta a seguinte estratificación no ámbito nacional galego:

- Asemblea Xeral
- Coordinadora Nacional
- Presidencia
- Executiva Nacional
- Secretaría Xeral
- Secretarías
- Comisión de Garantías
- Grupos sectoriais

Asemblea Xeral (AX)

A Asemblea Xeral é o órgano soberano de deliberación e organización de Movemento Sumar Galicia que define os principios ideolóxicos vixentes, establece a liña política do partido e a organización interna do mesmo.

Nel están representada toda a militancia a cal tén dereitos de voz e voto.

Competencias da AX

- Definir e aprobar os principios organizativos do MOVEMENTO, mediante a aprobación dun Relatorio Organizativo.
- Definir e aprobar os principios ideolóxicos e a liña táctica e estratéxica do MOVEMENTO, mediante a aprobación dun Relatorio Político.
- Analizar, debater e aprobar se procedese os informes de xestión política e económica presentados pola CN saínte.
- Elixir aos membros da Coordinadora Nacional que lle corresponda.
- Modificar os estatutos da Organización.
- Acordar a disolución da organización.

Convocatoria de Asamblea Xeral Ordinaria

A Asamblea Xeral celebrárase cada dous anos en sesión ordinaria, previa convocatoria desta pola Coordinadora Nacional cun mínimo de dous meses de antelación.

Para que a convocatoria sexa válida, a Coordinadora aprobará:

- A convocatoria da Asamblea indicando data e cidade onde se levará a cabo.
- Un calendario onde se reflectan todas as datas relevantes para o proceso, incluíndo alomenos prazo de peche do censo, prazos de emendas e de presentación de candidaturas.
- Un regulamento que rexirá o proceso Asamblear. Este regulamento será válido e inenmendable ata a constitución da Asamblea, que poderá, no primeiro punto da orde do día, debater e aprobar se procedese propostas de modificación do regulamento, que en todo caso non poderán ter efectos retroactivos.

Poderá adiantarse a convocatoria se as circunstancias políticas ou organizativas así o indicasen, sempre que pasara alomenos un ano dende a anterior Asamblea Xeral.

Convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria

Poderá convocarse Asamblea Xeral de xeito extraordinario a petición dun terzo da Coordinadora Nacional ou dun terzo das comarcas. Neste caso, a proposta irá acompañada dunha orde do día e tan só poderá tratar sobre os temas específicos para o que é convocada, non podendo cambiar a liña política.

Procederáse a difundir a convocatoria entre a afiliación no prazo máximo de 48 horas e será convocada con un mes de antelación. No resto de aspectos, terase en conta o establecido para as Assembleas Ordinarias.

Constitución da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis unha das persoas afiliadas na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes. Deberá contarse en todo caso, coa presenza da Presidencia e Secretaría Xeral ou de Organización saíntes, ou persoa que o substitúa.

A Coordinadora Nacional (CN)

A Coordinadora Nacional representa o máximo órgano de decisión de Movemento Sumar Galicia entre Asembleas Xerais Ordinarias. Representa a todas as persoas inscritas e aos territorios, e dispón das súas propias competencias.

Elección dos membros da Coordinadora Nacional

A Asemblea Xeral elixirá a 30 membros da Coordinadora Nacional. Estes e estas serán electos e electas en lista fechada e paritaria. A Coordinadora Nacional saínte poderá propor por maioría de 3/5 unha proposta de lista. Resultará electo Secretario ou Secretaria Xeral quen encabece a lista máis votada, e Presidente ou Presidenta quen ocupe o número 2 da mesma candidatura.

Funcionamento da Coordinadora Nacional

A Coordinadora Nacional establécese como máximo organismo de dirección política da Organización entre Asembleas Xerais. Reunirase de forma ordinaria con periodicidade trimestral e de forma extraordinaria cando sexa necesario.

A convocatoria ordinaria deberá ser realizada cun mínimo de sete días de antelación, e coresponderalle á Presidencia co visto e praxe da Secretaría Xeral, coa Orde do Día aprobada pola Executiva Nacional.

Tamén poderá reunirse, de forma extraordinaria, a petición dun terzo dos seus membros. Pola súa banda, a convocatoria extraordinaria será abondo facela con 48 horas de antelación.

A Coordinadora Nacional poderá cesar a calquera membro da EN, a excepción da SX, por maioría absoluta dos seus membros reunidos en xuntanza extraordinaria.

Poderá, así mesmo, cesar á SX, co voto de 3/5 partes dos seus membros, reunidos en xuntanza extraordinaria. Neste caso, deberá facerse a votación incluíndo o nome da persoa que ocupará a posición.

A Coordinadora Nacional quedará en funcións cando cesen a metade máis 1 dos seus integrantes. A CN reunirase no mes seguinte a tal feito para convocar Asemblea Xeral Extraordinaria.

Deberá levantarse acta de cada unha das xuntas deste organismo, contemplándose polo menos os asistentes e acordos adoptados, a dita acta poderá ser consultada pola afiliación.

As Coordinadoras Nacionais poderán ser abertas á participación con voz e non con voto a toda a afiliación, simpatizantes e colaboradores, previo acordo da Executiva Nacional.

Funcións da CN

- Dirixir o traballo táctico, estratéxico e organizativo do MOVIMENTO, seguindo os acordos emanados da AX.
- Convocar as AX ordinarias e extraordinarias, elaborando os documentos base de debate.
- Convocar Encontros Plenarios para analizar o momento político ou discutir aspectos puntuais monográficos.
- Velar polo estrito cumprimento das resolucións adoptadas na AX.
- Elaborar as propostas de actuación recollidas do conxunto da afiliación.
- Aprobar o plan de actividades.
- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- Establecer a cota de afiliación.
- Nomear Comité electoral cando se convoquen eleccións autonómicas e/ou locais, a proposta da EN.

Estas funcións non son delegables, podendo asignar á Executiva Nacional aquelas non detalladas especificamente como propias.

Composición da Coordinadora Nacional

Estará formada por:

- As e os 30 membros de elección directa na Asemblea Xeral, cuxa elección efectuarase por listas fechadas, que deberán garantir a paridade, e baixo o procedemento proporcional directo.
- Un coordinador de cada comarca, co fin de garantir a representación das comarcas neste organismo e o traslado das decisións adoptadas por este ao conxunto da organización. Neste senso, en todas as comarcas nomearase tamén un vicerresponsable comarcal que substituirá ao responsable comarcal, con voz e voto, cando este non poida asistir ás xuntanzas.
- As 4 coordinacións provinciais.

Presidencia de Sumar Galicia

A Presidencia de Sumar Galicia ten como tarefas:

- Dirixir os traballos e debates da Coordinadora Nacional

- Convocar as xuntanzas Ordinarias e Extraordinarias da Coordinadora co visto e prace da Secretaría xeral
- Ostentar, sempre de acordo coas indicacións da Executiva, a representación de Sumar Galicia en actos institucionais

Executiva Nacional

A Executiva Nacional está encargada de actuar no día a día da organización, executar a estratexia política e dirixir o traballo interno, e está dirixida pola Secretaría Xeral.

Dela forman parte as distintas secretarías e terá a responsabilidade de coordinar o traballo dos equipos de apoio a Movemento Sumar Galicia.

Composición

A Executiva Nacional estará conformada por 11 membros de entre os da Coordinadora Nacional eleitos pola Asemblea Xeral, a proposta da Secretaría Xeral eleita e ratificados na propia Asemblea; e polos 4 Coordinadoras ou Coordinadores provinciais.

Na súa primeira xuntanza distribuiranse as distintas Secretarías Nacionais entre todos os membros natos da Executiva Nacional, non podendo quedar ningún deles sen responsabilidade.

Será obrigatoria a existencia das seguintes Secretarías Nacionais: Secretaría Xeral; Secretaría de Organización; Secretaría de Finanzas; Secretaría de Igualdade, DDHH e LGTBIQA+; Secretaría de Mobilización; Secretaría de Formación e Secretaría de Comunicación.

En caso de causar baixa un membro da Executiva Nacional, substituirase a proposta da Secretaría Xeral e ratificado pola Coordinadora Nacional.

No caso de dimisión da Secretaría Xeral, a EN quedará en funcións, asumindo as tarefas de maneira colexiada. Convocarase CN no prazo máximo de dúas semanas, que eleixirá unha nova SX de entre os membros eleitos pola AX. A nova SX procederá entón a propoñer, segundo establecido neste documento, unha nova EN á CN.

No caso de dimisión da metade máis un dos membros da EN, esta quedará disolta, quedando os seus membros en funcións, a excepción da SX. A CN reunirase no prazo máximo de dúas semanas e a SX propondrá unha nova EN segundo o establecido neste documento.

Competencias da Executiva Nacional

A executiva nacional ten, entre as súas competencias, as seguintes:

- A organización e vida interna do MOVIMENTO.
- As relacións con outras organizacións nacionais e internacionais.

- A xestión administrativa do MOVEMENTO, incluída a adquisición, administración, transmisión e gravame dos seus bens.
- O seguemento político da acción governamental, así coma da representación do MOVEMENTO nas distintas instancias políticas.
- O deseño e a planificación política, definición de obxectivos e métodos, que aseguren a coordinación dos diversos proxectos impulsados polo MOVEMENTO nos distintos ámbitos de actuación.
- Apoiar a acción política pública das organizacións ás que o MOVEMENTO está vencellada favorecendo a explicación e a difusión pública das diferentes propostas formuladas e políticas aplicadas.
- Aprobar o proxecto de orzamento organizativo e as contas anuais para o seu debate e posterior aprobación na Coordinadora Nacional.
- Facer unha proposta de nomes á Coordinadora Nacional para as distintas competicións electorais.
- Convocar as distintas Comisións que considere pertinentes para a acción do MOVEMENTO e coordinar a través das secretarías a acción sectorial.
- Nomear ás persoas que coordinarán a edición do boletín interno.
- Recabar das comarcas e localidades a información económica, contable e financeira, que considere necesaria, así como intervir a caixa e a conta comarcais e locais se as circunstancias así o demandasen.

Secretaría xeral

Ostentará a única voz oficial do MOVEMENTO en tódolos ámbitos e niveis organizativos, presidirá tódolos actos da organización. Poderá delegar na Presidencia ou Secretaría de Organización aquelas cuestións que considere oportunas, se ben esta delegación porase en coñecemento da Executiva á maior brevidade e deberá ser por tempo limitado.

Á Secretaría Xeral correspóndelle dirixir politicamente a organización dacordo aos textos aprobados na Asamblea Xeral na cal foi eleita, a súa lista será aquela que encabece e teña acadado o maior número de votos.

Tamén será a responsable de convocar as xuntanzas da Executiva Nacional e establecer a orde do día das mesmas.

Secretarías nacionais

As Secretarías deseñarán o proxecto de actuación do MOVEMENTO no seu eido específico para o seu posterior debate e aprobación na Coordinadora Nacional. Con posterioridade, a Executiva executará a planificación acordada coordinando as secretarías, correspondendo á persoa que ostenta o cargo impulsar a execución das medidas correspondentes á súa área. Cada medio ano, as Secretarías Nacionais emitirán un informe da actividade desenvolvida para a súa valoración e avaliación por parte da Coordinadora Nacional.

Secretaría de Organización

Terá como cometido o de impulsar a organización do MOVEMENTO a todos os niveis e sempre de acordo coas directrices tomadas na Coordinadora Nacional en colaboración directa coa Secretaría Xeral. Os principais cometidos serán:

- Organizar o traballo político e orgánico de acordo a orientación definida nos diferentes órganos.
- Coordinar o funcionamento interno, así como o personal contratado ou colaboradores externos de maneira ordinaria.
- Coordinarse organicamente coas diferentes comarcas, impulsar o crecemento da organización e a constitución de novas agrupacións.
- Manter actualizados os censos das persoas afiliadas, simpatizantes e colaboradoras.

Secretaría de Finanzas

A Secretaría de Finanzas terá como competencias a xestión das finanzas e o seguimento da xestión dos servizos complementares que se aproben pola Cordinadora Nacional.

Elaborará un balance de contas anual que deberá ser presentado e aprobado pola Coordinadora Nacional na súa primeira xuntanza do ano.

Secretaría de Formación e Alternativas Programáticas

Esta responsabilidade enfocará á organización como escola de formación de persoas afiliadas e cadros, deberá traballar na preparación ideolóxica, intelectual e en debate da afiliación.

Secretaría de Comunicación

As competencias desta responsabilidade delimítanse no marco das relacións cos medios, a xestión da web nacional e marcar a liña comunicativa xeral e para os perfís nas redes sociais de SUMAR GALICIA.

Coordinará aos responsables de comunicación territoriais e institucionais, garantindo a unidade da mensaxe.

Secretaría de Mobilización

A Secretaría de Mobilización ten como competencias a dinamización da vida interna e a cohesión da organización, así como un fluxo constante de información coas personas afiliadas.

Basearase en ferramentas dixitais (email, mensaxería, etc) e mediante a realización de actividades e encontros coa colaboración do resto de Secretarías, especialmente as de Formación e Organización.

Así mesmo, terá a función de coordinar e impulsar grupos de traballo sectoriais.

Poderá, se así o estimase a Coordinadora Nacional, integrarse coa Secretaría de Organización.

Secretaría de Igualdade, Dereitos Humanos e LGTBIQA+

A Secretaría de Igualdade, Dereitos Humanos e LGTBIQA+, será responsable de garantir as políticas de igualdade dentro da organización, marcar a iniciativa política nestas áreas e coordinar os grupos sectoriais que dela dependan.

Grupos Sectoriais

Os grupos sectoriais están formados polas persoas afiliadas unidas por unha temática ou situación concreta.

A súa función principal será a análise do contexto actual de cada materia, de cara a formular propostas en materia de políticas públicas que nutran a acción institucional, a comunicación política ou a elaboración de programas electorais. Terán tamén, en colaboración coa secretaría de Formación, unha función pedagóxica e de debate para o resto da afiliación.

A súa constitución e clausura corresponde á Coordinadora Nacional, a instancias da Secretaría de Mobilización e a Executiva Nacional.

A Secretaria de Mobilización estará encargada de supervisar e coordinar o seu funcionamento.

Estarán abertos a toda a afiliación pero poderán establecerse restricións obxectivas de acceso para garantir a súa operatividade.

É prioritaria a existencia dos seguintes grupos sectoriais:

- Mocidade, dirixido a todas as persoas de ata 35 anos.
- Maiores, dirixido a todas as persoas de 65 ou máis.
- Mulleres: Feminismos e igualdade.
- LGTBIQA+
- Emerxencia Climática.

Poderán crearse cantos grupos sectoriais se considere para tratar diferentes temáticas, mais enténdese como prioritaria a existencia destes 5 baseados nas circunstancias individuais das persoas que os integran e na dimensión tamén persoal do risco discriminatorio, así como no risco principal para a vida que supón a emerxencia climática. Existen outros grupos potenciais en base ás mesmas razóns, como discapacidade ou racismo, pero polo de agora temos que ser prudentes e axustarmos á realidade da nosa militancia.

Previa autorización da Executiva Nacional, poderán dotarse de mecanismos de coordinación interna, así como de ferramentas de comunicación externa propios. Isto último será sempre baixo a supervisión directa da Secretaría de Comunicación.

A Secretaría de Mobilización desenvolverá, e a Coordinadora Nacional aprobará, un regulamento xeral de funcionamento para os grupos sectoriais.

Organización Territorial

O MOVEMENTO basea a súa estrutura na constitución de grupos assemblearios locais e comarcais, que estarán conformados pola militancia residente e dada de alta no seu ámbito de alcance.

Constitución das Comarcas

Para se constituír unha comarca cos dereitos e competencias que se reseñan máis adiante será preciso:

1. Acordo maioritario da militancia desas localidades reunidos en assemblea convocada ao efecto a instancias da Executiva Nacional, mediante proposta da secretaría de Organización.
2. Ratificación da Coordinadora Nacional. Durante o tempo que pase entre o acordo da Executiva Nacional e a ratificación da Coordinadora Nacional, a Comarca afectada terá todos os dereitos e competencias que se lle recoñecen ao resto das comarcas xa constituídas.

Sumar Galicia estivo a organizarse ata este momento en base a unha distribución comarcal aprobada pola Promotora.

Esta estrutura continuará vixente de aquí en diante, podendo ser modificada, a proposta da Secretaría de Organización, pola Cordinadora Nacional por maioría absoluta dos seus membros.

De maneira temporal, e co ánimo de favorecer o crecemento de afiliación e o traballo político, dúas comarcas adxacentes poderan facer assembleas ordinarias de maneira conxunta.

A estrutura comarcal actual é a expresada como Anexo I a este relatorio.

Asemblea Comarcal

A Asemblea Comarcal é o máximo órgano de decisión do MOVEMENTO na comarca e está composta por toda a militancia da mesma. As súas atribucións serán a definición dos criterios políticos e organizativos da comarca e a elección dos cargos comarcais.

Convocatoria

A Asemblea Comarcal reunirase dun xeito ordinario cada tres meses mediante convocatoria, con 7 días de antelación. Asegurarase en todo caso, o prazo de tempo imprescindible para a recepción das convocatorias e documentación necesaria para os debates.

Extraordinariamente poderase reunir á solicitude dun tercio da militancia da Comarca ou por acordo da Coordinadora Comarcal por maioría simple dos membros presentes, efectuada cunha antelación mínima de sete días.

Competencias

- As assembleas comarcais están facultadas para desenvolver a liña política do MOVEMENTO no seu territorio.
- Estarán limitadas aos acordos e liñas políticas marcadas pola Asamblea Xeral.
- Poderán emitir posicionamentos e acordos, e desenvolver a actividade política como mellor considerasen dentro dos límites acordados neste documento.
- En ningún caso poderán actuar de maneira que excedan o territorio correspondente, pero poderán coordinar con outras comarcas actuacións sobre temáticas comúns.
- Poderán propoñer, a través da súa representación na Coordinadora Nacional, que esta se posicione ou actúa sobre temáticas concretas. Tamén poderán transmitir a súa posición ou opinión conxunta, e poderán ser escoitados pola Coordinadora Nacional, a través da súa representación na mesma.

Coordinadora Comarcal

As Comarcas poderán elixir unha Coordinadora Comarcal, sendo os seus membros elixidos entre a militancia da comarca seguindo o procedemento de elección dos órganos nacionais.

Esta Coordinadora Comarcal, elixida pola Asemblea Comarcal, estará composta por un número de membros non inferior a 3 nin superior a 7, ás que se engadirán as Secretarías locais no caso de habelas.

As assembleas Locais constituídas estarán representadas pola persoa que ostente a súa Secretaría Local na Coordinadora da Comarca á que estean asignadas.

De entre os seus membros elixírase un Secretario Comarcal ou unha Secretaria Comarcal, un Secretario ou Secretario de Organización e e secretaria de Comunicación. A Vicesecretaría e a Secretaría de Finanzas elixíranse só onde sexa preciso.

Quen asuma a Secretaría de cada Coordinadora Comarcal pasará a ser membro de pleno dereito do Coordinadora Nacional.

A Vicesecretaría Comarcal, de habela, substituirá á Secretaría Comarcal, con voz e voto, cando este ou esta non poida asistir ás Cordinadoras Nacionais. Nos casos onde non exista este cargo, será asumido pola Secretaría de Organización.

Serán atribucións da Coordinadora Comarcal a organización da Comarca, a coordinación dos grupos locais, as relacións cos medios de comunicación e outras organizacións políticas da comarca.

Reunirase ordinariamente unha vez ao mes convocada polo Secretario Comarcal e extraordinariamente a petición dun terzo dos seus integrantes, respectándose sempre o prazo de catro días e facilitándose a orde do día previa.

Asembleas Locais

Naquelas localidades en que o número de militantes sexa superior a 5, poderanse constituír Asembleas Locais que elixirán unha Secretaría Local. A súa composición e competencias serán similares ás indicadas para as Comarcas mais sempre dentro do seu ámbito, e supeditadas as súas decisións e actuacións á aprobación do Consello Comarcal naqueles asuntos que poidan repercutir na Comarca de maneira xeral.

Responsabilidade de Coordinación Provincial

En cada unha das circunscricións eleitorais onde o MOVEMENTO teña presenza, existirá a figura da Coordinación Territorial.

As súas funcións serán:

1. Colaborar coa Secretaría de Organización nos traballos dirixidos á consolidación e expansión territorial do MOVEMENTO.
2. Organizar e coordinar as comarcas naqueles temas que requerisen de colaboración entre varias delas.
3. Representar á Secretaría Xeral en reunións no seu ámbito territorial no caso en que esta non poida acudir.
4. Convocar e presidir Convencións Territoriais cando así se decida.

As súas competencias estarán reducidas á coordinación electoral e á representación institucional, debendo a Coordinadora Nacional desenvolver un protocolo para a súa elección e funcionamento.

A súa elección farase nunha Convención Territorial convocado pola Secretaría Xeral, na que poderán participar todas as persoas afiliadas en dita circunscrición.

Cargos públicos

Como resultado da súa actividade política e electoral, o Movemento Sumar Galicia dispón de representantes institucionais eleitos. Estas persoas conforman a principal canle de achegamento da sociedade á administración.

Unha das principais tarefas da nosa organización é ampliar a nosa representación e influenciar nas diferentes institucións para maximizar a participación social na cousa pública.

Os cargos electos do Movementos Sumar Galicia traballarán con autonomía no seu eido, sempre guiándose polos principios rectores emanados da Asamblea Xeral da nosa organización.

A súa tarefa principal será representar á cidadanía na institución da que forman parte, traballando conxuntamente cos órganos de coordinación e con lealdade á organización. Colaborará na expansión organizativa e procurará poñer en contacto ás entidades co resto da organización e outros cargos institucionais.

Na medida das súas posibilidades e dispoñibilidade, e a través das canles establecidas pola CN, estarán a disposición das Secretarías Locais e Comarcais para establecer unha canle directa de comunicación de dobre vía: que as assembleas locais e comarcais poidan trasladar peticións, solicitudes e preocupacións á institución na que o cargo público participe., e tamén para explicar posicionamentos destas administracións á militancia.

Unha vez ao ano, os cargos electos de Movemento Sumar Galicia manterán unha xuntanza formal coa militancia para dar conta do feito e escoitar novas propostas.

A Coordinadora Nacional establecerá, por iniciativa da Secretaría de Finanzas, unha Carta financeira que deberá ser obrigatoriamente subscrita por tódolos candidatos e representantes institucionais.

As Finanzas

O Movemento Sumar Galicia está comprometido coa transparencia e unha xestión razoable e adecuada dos fondos. Por iso, a secretaría de Finanzas velará por un uso responsable dos recursos en todos os niveis, buscando a maior eficiencia nos gastos.

En caso de contratación de servizos externos por un valor superior aos 6.000€ sen IVE, será de obrigado cumprimento a solicitude de alomenos 3 orzamentos diversos entre os cales se elixirá conforme ao regulamento que se elaborará pola Secretaría de Finanzas.

Tódolos gastos e ingresos deberán consignarse conforme aos principios da boa xestión contable e ao final de cada exercicio anual farase unha dación de contas ante a CN.

A Secretaría Nacional de Finanzas elaborará, no prazo de 6 meses dende a Asamblea Xeral, un regulamento de contratación que será de obrigado cumprimento para toda a organización, no cal se especifiquen estes criterios e outros tendentes a valorar cualitativamente as propostas, como respecto dos dereitos laborais, responsabilidade social, calidade do servizo, reputación do provedor, compromiso ambiental, entre outros priorizando empresas proveedoras locais.

Toda a documentación referida ás Finanzas estará, permanentemente, a dispor dos membros da Coordinadora Nacional.

Carta financeira

No prazo dun mes a partir da celebración da Asemblea Xeral, a Secretaría de Finanzas presentará para a súa aprobación á Coordinadora Nacional a Carta Financeira do Movemento Sumar Galicia na que se recollerán os seguintes criterios:

1. Fixación da cota a abonar, tratando de artellar alternativas para aqueles militantes de menor poder adquisitivo. A cota será revisada anualmente pola Coordinadora Nacional.
2. O abono de cotas farase sempre con domiciliación bancaria ou tarxeta, non podendo realizarse abonos en efectivo.
3. Centralizarase o abono na Secretaria Nacional de Finanzas que transferirá a porcentaxe que se estime necesaria do total das cotas recadadas por cada comarca para sustentamento dos gastos da mesma, segundo decisión da Executiva Nacional.
4. Poderá acordarse a xestión centralizada dos cobros con Movimiento Sumar, procedendo a distribuírse o resultante según as porcentaxes acordadas no Protocolo de Relación e/ou na “Ponencia Organizativa” de Movimiento Sumar.
5. As comarcas remitirán trimestralmente á Executiva Nacional o estado de contas, con detalle dos gastos e ingresos tidos nese período.
6. Así mesmo a Secretaría de Finanzas dará conta à Coordinadora Nacional da evolución da situación financeira da organización.
7. O ano contable do MOVIMENTO é o ano natural (Xaneiro a Decembro). Anualmente e coincidindo coa primeira xuntanza da Coordinadora Nacional, a Secretaría Nacional de Finanzas, renderá balanza de contas do exercicio finalizado.
8. Igualmente, presentará proxecto de orzamento para o ano entrante que deberá ser ratificado pola Coordinadora Nacional.
9. Establecerase un procedemento de contratación claro tanto para empresas como para a incorporación de personal ou axudas técnicas.
10. Ademais, na carta financeira concretaranse outros conceptos como salarios, gastos de desprazamentos, dietas, cotas extraordinarias e outros que puidesen xurdir.

Comunicación interna e externa, cohesión, formación

Co espírito democrático e horizontalista que representa o Movemento Sumar Galicia, é fundamental establecer os criterios da comunicación externa e interna, así como da formación dos nosos membros, co obxectivo de fomentar a maior participación posible non só entre as persoas inscritas, pero tamén do resto da sociedade.

No momento actual, é prioritario comunicar da mellor maneira posible o traballo realizado, a través de medios dixitais, prensa e redes. Mais o contacto directo, o exemplo militante, segue a ser o xeito máis efectivo de incorporar á sociedade ao proceso democrático. As persoas de Movemento Sumar Galicia son o maior activo da nosa organización.

Comunicación interna: informar sen saturar; formar para cohesionar

Establécense diversas canles de comunicación bidireccionais entre tódolos ámbitos da organización, cada un coas súas características, obxectivos e xeitos de traballar.

A fin principal das ferramentas de comunicación interna é facilitar o movemento de información dende as afiliadas aos equipos de coordinación, e viceversa; ampliar e difundir o impacto das publicacións e acción realizadas pola organización; facilitar a convocatoria de actos e actividades; dar a coñecer as iniciativas políticas realizadas nas institucións...

Usaranse de forma responsable, para evitar a saturación das canles e sobre todo das persoas que as utilizan. Será responsabilidade de todas as usuarias dar apoio aos esforzos de moderación e comunicarse de xeito respectuoso. Así mesmo, debe actuarse con conciencia e atención, para gardar a discreción debida ante certos contidos de uso interno.

Nos espazos de debate e discusión abertos, evitárase dar publicidade á propaganda de outras organizacións alleas ao Movemento e aos seus aliados. Evitárase difundir información non contrastada ou procedente de fontes pouco fiables ou acostumadas á difusión de “bulos” ou “fake news”.

Existirá un boletín semanal a todas a afiliación e inscritas para dar a coñecer as principais novas, iniciativas e actuacións de Movemento Sumar Galicia e das comarcas. Estará baixo a dirección da Executiva Nacional que nomeará a quen o coordine, que traballará conxuntamente cos equipos de Comunicación e Mobilización.

Habilitaranse mecanismos que permitan unha comunicación fluída de propostas e iniciativas por parte das afiliadas.

Formación ideolóxica, política, organizativa – maior fortaleza interna e unidade

O Movemento Sumar Galicia, como ferramenta que busca a maior participación da sociedade na toma de decisións e na política, impulsará un proceso de formación continua da súa afiliación.

A Secretaría de formación, en colaboración directa co resto da Executiva Nacional e os territorios, promoverá a realización de obradoiros, conferencias, encontros... de diferentes temáticas, con especial atención na formación en feminismo, detección e loita contra as violencias machistas, LGTBIQFOBIA e necesidades do colectivo, Dereitos Humanos e defensa da paz e Ecoloxismo, para que as persoas do Movemento dispoñan de recursos cos

que participar de maneira activa na creación de propostas e que poidan defendelas con garantías na súa vida diaria e na súa acción política.

Así mesmo, priorizarase a formación en aspectos ideolóxicos e políticos, para reforzar o crecemento da estrutura interna de Movemento Sumar Galicia.

Especialmente importante será tamén a formación sobre procedementos administrativos e de xestión pública, á hora de crear candidaturas electorais con maior capacidade e solvencia.

Coa formación nos eidos económicos, xurídicos, administrativos, de expresión e debate, garantiremos a capacidade da nosa organización para ter impacto e ser útiles como ponte entre a sociedade e os ámbitos de decisión.

Comunicación externa

A comunicación externa é o medio principal para facer chegar as nosas propostas á sociedade, ben a través da prensa, nos seus diferentes formatos, ben a través das redes sociais, procurando chegar ao máximo posible de cidadáns.

A comunicación externa dependerá da Secretaría de Comunicación, en colaboración cos territorios e o resto da Executiva nacional. Presentará un plan de traballo adecuado aos tempos e co obxectivo de ampliar o impacto social das nosas iniciativas.

En xeral, a Secretaría Xeral será o Voceiro de toda a organización, podendo delegarse no resto de Secretarías no seu ámbito de actuación, previo acordo da Executiva. Tamén poderán facer de Voceiro xeral temporalmente, cando así se acordase, a Presidencia do Movemento ou a Secretaría de comunicación.

Nos ámbitos comarcais e locais os seus coordinadores serán os voceiros no seu territorio cando se trate de temáticas que lles afecten exclusivamente. Cando se trate de temáticas xerais ou que superen o territorio, buscarase establecer un criterio conxunto. En todo caso, co obxectivo de garantir a coherencia das mensaxes, existirá unha coordinación permanente entre os territorios e o equipo de Comunicación.

Impulsarase a participación de cargos institucionais ou internos en tribunas, columnas de opinión, tertulias e debates de política xeral, para maximizar o alcance das nosas iniciativas.

Potenciaranse métodos disruptivos de “axitación e propaganda” para xerar conversa nas redes e noutros ámbitos, posicionar temas e dar a coñecer as nosas propostas, incluída a creación de equipas formadas por activistas e persoas alleas á estrutura orgánica do Movemento.

O municipalismo, pedra de clave

Temos a vontade de representar ao conxunto da sociedade, como persoas individuais, pero tamén a multitude de organización sectoriais e políticas que forman un tecido social vivo, disruptivo e combativo. E queremos, ademáis, facelo de maneira colaborativa, baseándonos no respecto, non na imposición. Iso non é posible sen a nosa presenza na administración máis próxima, que son os municipios, para facer política útil: non se trata de contar concelleiros, se non de cantos avances logramos xuntas.

En tanto que organización democrática, respectuosa, horizontalista e aberta, en Movemento Sumar Galicia impulsaremos a creación dunha rede de candidaturas municipais en todo o País, baseada no debate e na negociación. colaboración entre iguais aberta, plural e comprometida.

Entendemos como prioritario que existan alternativas progresistas en todos os concellos do País que impulsen políticas sociais, laborais e económicas para o 99%, e non para os privilexiados. Actualmente ningún dos grandes partidos é quen de representar a idea dunha sociedade que avanza unida e colaborando, se non que se instalan cómodamente no enfrontamento e na loita. Buscamos, pois, unha proposta que sexa quen de facilitar a vida da cidadanía.

Con este obxectivo, teceremos relacións coas organizacións políticas que compartan estes mesmos principios coa fin de presentar a nosa proposta en todo o territorio.

Esta colaboración establecerase caso por caso en cada municipio, con un diálogo entre a Executiva e as diferentes agrupacións, sempre contando coa afiliación do Movemento nese territorio.

En todo caso, naqueles lugares nos que non se chegue a acordo, procurarase evitar a confrontación e a competencia en procesos electorais contra forzas que compartan os nosos principios políticos, organizativos e ideolóxicos.

Fomentarase tamén a participación de perfís independentes procedentes da sociedade civil nas candidaturas.